A RAPARIGA
[*Eltázozott nap*, Márta Mészáros
1968, 84 min., VOSG]

Lingua **Húngaro**
Dirección e guión **Márta Mészáros**
Montaxe e dirección de arte **Zoltán Farkas**
Son **Zoltán Toldy**
Fotografía **Tamás Somló**
Música **Levente Szörényi**
Elenco **Kati Kovács, Teri Horváth, Ádám Szirtes, Gábor Agárdi, Zsuzsa Pálos, András Kozák, Gábor Harsányi, Laszlo Szabo, Zsolt Körtvélyessy**
Produción **Mafilm Studio 4**
Distribución **Lost & Found**

A rapariga traballa nunha fábrica téxtil. Educada nun orfanato, busca os seus pais desesperadamente. Atopa a súa nai nunha pequena aldea e esta pídelle que agoche a súa identidade ante a súa nova familia. A rapariga séntese terriblemente soa, inicia curtas relacións con homes que non a enchen. Decide axudar un home que parece saber algo sobre a morte do seu pai, mais estalle a contar a verdade?

Seminci 1969 Premio da Federación Nacional de Cineclubs

PROGRAMACIÓN DE MARZO: MÁRTA MÉSZÁROS

Martes 14
ADOPCIÓN, 1975, 87 min., VOSG

Martes 21
NOVE MESES, 1976, 90 min., VOSG

Martes 28
ELAS DÚAS, 1977, 92 min., VOSE

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #176
7.3.2023

A RAPARIGA
MÁRTA MÉSZÁROS

CINECLUBE PONTEVEDRA

Aínda que Márta Mészáros xa traballara durante quince anos como documentalista no nodo húngaro, esta é a súa primeira longa de ficción, onde están xa presentes todas as súas inquedanzas temáticas e a sosegada experimentación nas formas. O feito de ser criada nunha institución tras o falecemento dos seus pais vai marcar moitas das súas tramas. Na súa primeira etapa abondan as rapazas rebeldes contra o sistema de valores sociais do momento, como acontece en toda Europa tras maio do 68, sentimento a miúdo expresado a través da música popular. Para este primeiro filme contou con Kati Kovács como protagonista, toda unha celebridade no mundo do rock naquela altura.

LOST & FOUND

AFRONTAR A PROPIA PERSONALIDADE

CONVERSA CON MÁRTA MÉSZÁROS, 1978

O tema da rapariga é algo que viches ti persoalmente? Atopeino nunha fábrica téxtil onde fun facer unha curta sociolóxica sobre a vida das obreiras tecedoras. Durante os preparativos atopei a personaxe: unha moza que medrara nun orfanato e que aos vinte anos comezou a buscar os seus pais. Era unha persoa interesante, coa que falei moito. Contoume que no intre mesmo en que atopou a súa nai xa a perdera novamente: desde a estación de ferrocarril onde se atoparon nin sequera quixo acompañala a casa. En relación ao pai, nin sequera foi ao seu encontro, limitouse a miralo de lonxe. Escolleu, en definitiva, a condición de orfa. Ese foi o punto de partida. Mais a historia ecoou en min ao mesturarse con outra: a historia daquela rapariga de once anos que desde a Unión Soviética pensa noutro país, medra nunha familia coa que non ten ningunha afectividade sentimental e que, en definitiva, cando escolle, non escolle os pais senón o novo país.

Kati Kovács, a actriz principal, paréceme un total acerto. Como escolleches unha cantante de música lixeira para unha protagonista dramática? Xa na televisión me sentín atraída polo seu carácter, pola súa personalidade, pola súa aspereza. Podía crer plenamente nela. «Non, non serei xoguete de ningún», di nunha das súas cancións de éxito. Non é só unha canción, é un símbolo, o tema feminino máis interesante do noso tempo.

É evidente que en todo o filme, e de xeito especial nas escenas clave, evitaches conscientemente o sentimentalismo. Non nego que neste aspecto aprendín moito de Jancsó e do estilo austero dos seus personaxes. Mais creo —e quixera tamén probalo— que o modo de ver feminino non significa sempre sentimentalismo. Para min significa sobre todo vernos a nós mesmas desde o interior, coñecer a nosa interioridade. Certos pequenos detalles, nós, as mulleres, vémolos de xeito distinto aos homes.

Do filme gustoume moitísimo o encontro dos dous mundos diferentes, cando a rapaza chegada de Pest vai coa familia da nai á festa de Várkut. O pobo seducido pola vida moderna, mais ancorado nas súas convencións de hai mil anos. En contraste coa intensidade desta escena, algún outro punto fundamental da historia, ese final feliz, pareceume descolorido. Quixen precisamente evitar situacións de tensión demasiado espectaculares. Tralos momentos de grande importancia, como cando a nai lle di á filla que esqueza ata o feito de que estivo alí, procurei os motivos máis simples da vida cotiá: o ambiente da pequena igrexa rústica ou o episodio case sereno da estrada principal. No que respecta ao final feliz, eu non o entendo así, senón como unha conclusión case irónica. Entre outras cousas, porque sinto aversión cara aos finais habituais dos filmes húngaros actuais. Con excepción das grandes obras que representan grandes dramas históricos, nos nosos filmes os finais son sentimentais, son finais felices. Falta neles ese ton que vemos nos últimos filmes checos, é dicir, a combinación de elementos tráxicos e grotescos, que resulta ao tempo moi real e sincera. Pode que non conseguise plasmar as miñas ideas, pero fixen todo o posible para que o ton irónico prevalecese durante todo o filme. Por iso insertei a escena do adolescente que segue encarnizadamente a rapaza, a escena na estrada co turista francés ou a última escena co falso pai. O bico do final non significa en absoluto un final feliz, non é o amor atopado; é simplemente unha vitoria casual, momentánea. Pode que che pareza un final feliz porque estás demasiado acostumada a que un bico final nun filme só poida significar a descuberta do verdadeiro amor.

Gústache especialmente un estilo rigoroso, seco? Non é só iso. Tamén me gustan os filmes polacos dos cincuenta, en especial Wajda. Aínda que os seus filmes sexan dramas no sentido clásico da palabra, con loitas a vida ou morte, expresan conclusións extraídas das experiencias históricas cunha paixón moi sentida e dun xeito moi interesante. Todo isto non é tan distinto do que me gusta nos checos. Ambas escolas están atraídas polo afastamento da natureza inmediata. Isto falta por completo non só nos filmes húngaros senón noutras tradicións artísticas. O gusto do público húngaro acepta dificilmente todo o que difire das cousas xa coñecidas. E eu, debo confesar, busco o irregular, a ironía, que se inscribe moito máis nos dramas cotiás que nos grandes conflitos sentimentais.

Entrevista de Yvette Biró para a Semana Internacional de Cine de Autor de Benalmádena, 1978.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.